

Resolución do 13 de xuño de 2025, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se regula o bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía (STEMbach), para o curso 2025/26.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, de educación dispón no seu artigo 1 como principios inspiradores do sistema educativo, entre outros: a calidade e a equidade; a concepción da educación como unha aprendizaxe permanente; a flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, así como aos cambios que experimentan o alumnado e a sociedade; o esforzo compartido por alumnado, familias, profesorado, institucións e o conxunto da sociedade; a autonomía para establecer e adecuar as actuacións organizativas e curriculares no marco de competencias e responsabilidades e o fomento da investigación, a experimentación e a innovación educativa.

No artigo 32.1 establece que o bacharelato ten como finalidade proporcionar formación, madurez intelectual e humana, coñecementos, habilidades e actitudes que permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Así mesmo, esta etapa deberá permitir a adquisición e logro das competencias indispensables para o futuro formativo e profesional e capacitar para o acceso á educación superior.

O artigo 34 indica que as alumnas e alumnos poderán elixir no bacharelato entre a totalidade das materias de modalidade establecidas e que cada unha das modalidades ou vías poderá organizarse en distintas vías que faciliten unha especialización do alumnado para a súa incorporación aos estudos posteriores.

O Real Decreto 243/2022, de 5 de abril, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas do Bacharelato, no seu artigo 7 menciona que o Bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permitan, entre outras, utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación; acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida; comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos; coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente; afianzar o espírito emprendedor con actitudes de



creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico e fomentar unha actitude responsable e comprometida na loita contra o cambio climático e na defensa do desenvolvemento sostible.

O Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 8 recolle a competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM) como unha das competencias clave desta etapa e se define no anexo I do mesmo decreto como a competencia que entraña a comprensión do mundo utilizando os métodos científicos, o pensamento e representación matemáticos, a tecnoloxía e os métodos da enxeñaría para transformar a contorna de forma comprometida, responsable e sustentable. No artigo 18 deste mesmo decreto, se menciona, entre outros principios pedagóxicos, que no bacharelato, os centros docentes elaborarán as súas propostas pedagóxicas para todo o alumnado atendendo á súa diversidade, e favorecerán a súa capacidade para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e promovelos, e para aplicar métodos de investigación apropiados. A intervención educativa buscará desenvolver e asentar progresivamente as bases que faciliten ao alumnado unha adquisición e un desenvolvemento adecuados das competencias clave previstas. Así mesmo, a acción educativa favorecerá o traballo individual e en grupo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación en distintos campos do saber, a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo, así como a transferencia e a aplicación do aprendido.

O Plan de Acción da Educación Dixital 2021-2027 da Comisión Europea focalízase na educación dixital como medio fundamental para a necesaria transformación dixital coa incorporación da intelixencia artificial e das habilidades relacionadas cos datos, así como o fomento da participación feminina na formación STEM.

A Estratexia Educación Dixital 2030 da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional establece, entre outras, accións de impacto encamiñadas ao desenvolvemento específico das competencias STEM, a través de contidos curriculares asociados ao pensamento computacional e as tecnoloxías inmersivas, entre as que podemos destacar a realidade virtual, aumentada e a intelixencia artificial, así como o desenvolvemento de habilidades científico-tecnolóxicas.



Ademais, esta estratexia contén o Plan Integral de Formación e Acreditación de Competencias Dixitais da comunidade Educativa que inclúe accións de fomento das competencias dixitais no marco do Bacharelato de Excelencia-STEMBach.

No marco do programa STEMbach durante o curso 2024/25, creouse unha rede de centros STEMbach co obxectivo de establecer sinerxías entre os distintos centros participantes e favorecer o intercambio de experiencias. Esta iniciativa busca potenciar e fomentar a innovación educativa e consolidar unha comunidade de aprendizaxe comprometida coa excelencia no ensino das disciplinas STEM (Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñaría e Matemáticas)

Neste contexto é preciso determinar a continuidade dos centros e a incorporación de novos centros docentes para os efectos da súa autorización, as características que permita desenvolver a súa organización e ordenación. Para o curso 2025/26 e de conformidade co exposto, como directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa,

RESOLVO:

Primeiro. *Obxecto e ámbito de aplicación*

1. Esta resolución ten como obxecto regular a continuidade, implantación e a organización do bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía (STEMbach) na Comunidade Autónoma de Galicia, así como a convocatoria dirixida aos centros que desexen impartilo.
2. O bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía (STEMbach) poderá impartirse nos centros docentes sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional autorizados mediante o procedemento habilitado na presente resolución.

Segundo. *Finalidade*

O bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía (STEMbach), ademais de cumprir a finalidade prevista con carácter xeral para o Bacharelato ao abeiro do Decreto 157/2022, do 15



de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, contribuirá a favorecer no alumnado o afondamento no traballo da competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (competencia STEM) mediante os elementos e os procedementos da investigación e do método científico, dun xeito rigoroso, ordenado e crítico e para desenvolver investigacións propias.

Proporcionará un contexto organizativo no que o alumnado máis motivado para afondar nos seus estudos e o profesorado responsable das distintas materias podan acadar a excelencia nos coñecementos, cunha metodoloxía baseada na investigación como principio esencial, realizar prácticas para coñecer as aplicacións reais da ciencia e a técnica, así como adquirir unha formación actualizada e autónoma que lles estimule para os futuros estudos universitarios.

Terceiro. *Obxectivos específicos*

O bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía (STEMbach) contribuirá a:

- a) Promover a vocación do alumnado cara á investigación científica e tecnolóxica, mediante unha metodoloxía que lle facilite a incorporación e adaptación á ensinanza universitaria e tendo en conta a perspectiva de xénero.
- b) Favorecer unha mentalidade científica, rigorosa, ordenada e crítica.
- c) Facilitar no proceso de aprendizaxe do alumnado o desenvolvemento de competencias transversais como a creatividade, o sentido da iniciativa e o emprendemento, a resolución de problemas, o traballo en equipo, o pensamento crítico e a cidadanía global.
- d) Mellorar as destrezas comunicativas e expresivas (orais e escritas), tanto nas linguas cooficiais como nas linguas estranxeiras presentes na etapa educativa, con énfase na comunicación e divulgación científica.
- e) Traballar en contextos que favorezan un pleno desenvolvemento das competencias dixitais.
- f) Proporcionar unha relación máis estreita entre o profesorado e o alumnado co fin da elaboración de investigacións de xeito conxunto, facilitando unha aprendizaxe do alumnado eficaz e cada vez máis autónoma.



Cuarto. *Características xerais*

1. O bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía (STEMbach) comprende dous cursos académicos que se corresponden co primeiro e segundo curso da etapa e terá unha duración mínima de dous cursos.
2. O alumnado que se incorpore a este bacharelato no primeiro curso terá asegurada a súa continuidade ao segundo curso no caso de promocionar.
3. O alumnado que se incorpore a este bacharelato cursará, para todos os efectos, calquera das modalidades ou vías reguladas no Decreto 157/2022, do 15 de setembro.
4. O currículo das materias dos diferentes bloques será o establecido no Decreto 157/2022, do 15 de setembro.
5. A avaliación, promoción e titulación do alumnado deste programa rexerase pola normativa vixente para o bacharelato no sistema educativo de Galicia.
6. O principio metodolóxico básico do bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía (STEMbach) é fomentar o pensamento científico e o enfoque práctico de indagación e resolución de problemas, a través da realización dun proxecto de investigación. Deste xeito o alumnado integrará como parte do seu desenvolvemento formativo competencias que lle permita elaborar, expoñer e argumentar de forma razoada estes traballos resultado dunha metodoloxía científica.

Quinto. *Ordenación das ensinanzas*

O alumnado que se incorpore ao bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía (STEMbach):

- a) Cursará unha materia de afondamento relacionada co ámbito STEM (ciencias, tecnoloxía, enxeñaría e matemáticas) extracurricular, en 1º e 2º de bacharelato, que poderá basearse no afondamento dalgunha ou dalgunhas das materias relacionadas con este ámbito ou ter un enfoque interdisciplinar, con orientación ao traballo na mellora das competencias comunicativas e dixitais. Terá unha carga lectiva semanal de 2 ou 3 horas fóra do horario ordinario do alumnado. Esta materia será a mesma nos dous cursos coa correspondente secuenciación curricular e a súa cualificación non se terá en conta para o cómputo da media do bacharelato.



b) Desenvolverá un proxecto de investigación, ao longo desta etapa, relacionado con calquera ámbito de coñecemento das materias cursadas no bacharelato.

c) Realizará actividades complementarias de formación, organizadas polo centro en colaboración con universidades, entidades ou organismos investigadores, ou persoas investigadoras de recoñecida competencia, como conferencias, obradoiros ou proxectos. Terán unha duración mínima de 20 horas ao longo dos dous cursos, 12 horas no primeiro curso do programa e 8 horas no segundo, e levaranse a cabo fóra do horario ordinario de docencia directa do alumnado.

d) O alumnado que obteña o título tras cursar este bacharelato, logo da avaliación positiva tanto da materia de afondamento STEM extracurricular como da defensa do proxecto de investigación, recibirá unha credencial da dirección do centro de que realizou os estudos correspondentes a este programa e, ademais farase constar mediante dilixencia no historial académico da alumna/o e no informe persoal por traslado, de ser o caso. Esta dilixencia acredita a superación do STEMbach e debe conter: o título do traballo investigación STEMbach, a súa cualificación, o nome do titor/a no centro educativo, o persoal universitario que codirixe o traballo, e a universidade ou entidade investigadora colaboradora.

e) O alumnado matriculado nunha das universidades do SUG (Sistema Universitario Galego) ou no Centro Asociado de Lugo da UNED (Universidade Nacional de Educación a Distancia) que acredite que obtivo o título de STEMbach desde o curso 2019-2020 en diante e que se inscriba e participe no Programa Mentoring STEMbach da súa universidade, poderáselle recoñecer 1,5 ECTS por curso académico, ata un máximo de 6 ECTS.

Sexto. Proxecto de investigación

1. O proxecto de investigación será unha ferramenta de aprendizaxe útil para que o alumnado se inicie nas actividades de investigar, escribir e expoñer oralmente. Desde unha perspectiva metodolóxica, trasladará o obxectivo dunha formación práctica en contidos e a iniciación á investigación e permitirá experimentar cos diferentes métodos de investigación, favorecer o pensamento crítico e creativo, o interese pola investigación, a tecnoloxía e a innovación, e a capacidade de análise e reflexión, entre outros.

2. O proxecto de investigación poderá ser sobre calquera ámbito de coñecemento e realizarse individual ou en grupo, neste caso o número de participantes non será maior de 4. A memoria do proxecto deberá ter unha extensión máxima de 10.000 caracteres con espazos



(sen contar anexos, índice nin bibliografía) no caso de ser individual, e ata 20.000 se é en grupo.

3. O proxecto deberá estar codirixido por un docente pertencente a un departamento ou entidade de investigación dependente dalgunha das Universidades da Comunidade Autónoma de Galicia ou do Centro Asociado de Lugo da UNED (Universidade Nacional de Educación a Distancia) e será titorizado polo profesorado que imparta a materia de afondamento STEM.

Con anterioridade ao inicio do segundo curso as persoas titoras dos proxectos de investigación farán públicos os criterios de avaliación e cualificación, que basearanse no proceso, na memoria escrita e na exposición oral. A exposición terá un peso do 30% da cualificación final que se asigne ao proxecto.

4. O alumnado realizará unha defensa do traballo en sesión pública e en período lectivo antes do día 30 de maio do curso 2º de bacharelato. Non haberá impedimento para organizar esta acto de defensa antes da data límite establecida.

O acto público de defensa do traballo será organizada pola persoa directora do centro educativo en colaboración coa persoa coordinadora do programa no centro e terá unha duración máxima de 15 minutos nos que se exporán a labor realizada, a metodoloxía aplicada, o contido e as conclusións; a continuación abrirase un espazo de debate de ata 15 minutos para as cuestións que poida aportar a comisión avaliadora.

5. A comisión avaliadora do traballo de investigación estará composta por:

- A persoa directora do centro educativo ou persoa en quen delegue.
- A persoa coordinadora do programa no centro educativo ou persoa en quen delegue.
- Unha persoa do departamento universitario ou entidade de investigación dependente dalgunha das Universidades da Comunidade Autónoma de Galicia colaboradora no proxecto, diferente da persoa que codirixe o traballo.

Sétimo. Colaboracións externas

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional impulsará o establecemento de canles de colaboración e acordos coas universidades públicas, entidades ou organismos investigadores de Galicia, para colaborar a través dos departamentos



universitarios correspondentes ou unidades no desenvolvemento de actividades complementarias e de proxectos de investigación.

Oitavo. *Ratio*

1. Con carácter xeral, os grupos de bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía (STEMbach) requirirán dun mínimo de dez alumnas e/ou alumnos. En ningún caso o desenvolvemento deste programa suporá incremento do número de profesorado do centro.
2. Excepcionalmente, en atención a circunstancias obxectivamente fundamentadas, e previo informe da inspección educativa, poderá autorizarse este bacharelato cun número inferior de alumnado, que en ningún caso será inferior a cinco.

Noveno. *Requisitos de acceso do alumnado*

1. Poderá acceder a este bacharelato o alumnado que o solicite, que teña participado no proceso ordinario de matriculación para o conxunto do alumnado do bacharelato e que cumpra as condicións de acceso ao primeiro curso do bacharelato establecidas na normativa vixente.
2. No caso de que houbese máis solicitantes que prazas, o criterio de selección do alumnado será a nota media obtida no 4º curso da ESO. En caso de manterse o empate o centro fixará outros criterios públicos obxectivables en coherencia cos obxectivos específicos deste bacharelato.
3. Os procesos de matriculación deste bacharelato serán os establecidos para o conxunto do alumnado do bacharelato. No caso de que o alumnado obtivese praza noutro centro, a formalización da matrícula suporá a perda da praza adxudicada.
4. As persoas directoras dos centros públicos que impartan este bacharelato poderán propoñer ao Servizo Territorial de Inspección Educativa da correspondente provincia, de forma excepcional, a incorporación dunha alumna ou alumno ata un mes despois do inicio do curso, sempre que non se cubrise toda a oferta de prazas e se cumpran os requisitos esixidos para o acceso.



Décimo. Finalización voluntaria ou forzosa da participación do alumnado

O alumnado matriculado no bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía (STEMbach) poderá desistir de cursar, de xeito voluntario, as ensinanzas correspondentes a este programa sempre que eles mesmos ou as súas nais, os seus pais ou as persoas titoras legais, nos casos de menores de idade, o soliciten por escrito á persoa directora do centro docente antes do remate da primeira avaliación do curso académico. A esta solicitude xuntarase unha motivación razoada da mesma.

Asemade, establécese que o alumnado poderá perder os dereitos de participación no programa no caso de incumprimento das obrigas inherentes ao mesmo. Esta perda de dereitos poderá aplicarse sempre que o titor ou titora do centro ou cotitor/a da universidade ou centro colaborador considere que dito incumprimento afecta negativamente ao desenvolvemento das actividades, ao aproveitamento do programa ou ao compromiso adquirido polo alumno.

Décimo primeiro. Requisitos e compromisos dos centros

Para poder impartir o bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía (STEMbach), os centros educativos que imparten bacharelato deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Iniciar a impartición do programa STEMbach, no primeiro curso de bacharelato e desenvólvelo ao longo da etapa.
- b) Ofertar unha materia de afondamento STEM extracurricular cunha carga lectiva semanal de 2 ou 3 horas fóra do horario ordinario do alumnado.
- c) Presentar un programa de actividades complementarias de formación organizadas polo centro, en colaboración con universidades, entidades, organismos investigadores ou persoas investigadoras de recoñecida competencia, cunha duración estipulada ao longo dos dous cursos de 20 horas, e que se levará a cabo fóra do horario ordinario do alumnado.
- d) Asumir o compromiso de desenvolver e impulsar este bacharelato, polo menos, durante dous cursos escolares continuados de xeito que todo o alumnado complete o seu ciclo formativo.



e) Participar e colaborar nas accións de formación e difusión, así como no desenvolvemento dos procesos de avaliación do alumnado e dos propios centros que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional organice.

f) Participar nas redes de colaboración de profesorado STEM que se fomenten e creen por parte da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional como parte da estratexia de mellora das ensinanzas STEM e apoio ao profesorado implicado nas mesmas.

Décimo segundo. *Continuidade dos centros STEMBach*

1. Para os centros docentes que están a participar en STEMBach durante o curso 2024/25 considérase prorrogada a súa participación para o alumnado que se incorpora a 1º de bacharelato durante o curso 2025/26 e non precisan realizar unha nova solicitude se as características do proxecto son as mesmas.

2. No caso de que algunha das seguintes condicións de participación sexa diferente: profesorado participante ou materia de afondamento STEM, deberá ser comunicada mediante o procedemento de solicitude establecido no apartado Décimo sexto desta convocatoria e marcarase no anexo de solicitude a opción de participación "continuidade".

Décimo terceiro. *Apoios da Administración educativa*

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, no marco das accións previstas na Estratexia Educación Dixital:

1. Poderá impulsar, dentro do seu Plan Anual de Formación do Profesorado, actividades específicas para o profesorado deste bacharelato e facilitará orientacións didácticas para o desenvolvemento do programa.

2. Darase prioridade á participación destes centros nas iniciativas e convocatorias de actividades e programas para o alumnado, profesorado e familias no ámbito STEM.

3. Promoverá a participación dos centros nas iniciativas de colaboración con entidades e institucións de excelencia investigadora.

4. Estableceranse canles para a difusión das boas prácticas e dos proxectos de investigación dos centros educativos.



5. Poderanse determinar recoñecementos específicos aos mellores proxectos de investigación.

6. Promoverá e proporcionará canles de comunicación e colaboración entre o profesorado participante a través da creación de redes de profesorado STEM.

7. Os centros estarán integrados na rede de centros STEMbach para o impulso deste programa, para o que recibirán apoio e reforzo tanto ao profesorado como ao alumnado.

Décimo cuarto. Profesorado

1. O bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía (STEMbach) será impartido, preferentemente, por profesorado con destino definitivo no centro educativo que o oferte.

2. A persoa directora do centro nomeará unha persoa coordinadora, preferentemente entre as persoas docentes que impartan a materia de afondamento STEM, e por un período mínimo dun curso académico.

3. A persoa coordinadora, baixo a supervisión da persoa directora, desempeñará as seguintes funcións:

a) Coordinar e participar na elaboración do currículo da materia de afondamento STEM de soporte do proxecto.

b) Elaborar, coa colaboración do profesorado implicado no programa, a programación das actividades complementarias, que formarán parte da programación xeral anual.

c) Coordinar as relacións coas entidades e persoas externas colaboradoras.

d) Realizar o seguimento mensual e a coordinación do equipo de docentes que formen parte do programa e levantar acta dos temas tratados e dos acordos adoptados. A xefatura de estudos considerará este aspecto na elaboración do horario do profesorado implicado.

e) Identificar as necesidades de formación permanente e trasladárllelas ás estruturas de formación do profesorado, a través da dirección do centro, que poden pasar a formar parte do Plan de Formación Permanente do Profesorado no centro (PFPP).

4. A persoa coordinadora do programa contará coa redución horaria dunha sesión semanal no seu horario lectivo. En ningún caso esta redución suporá un aumento do cadro de persoal do centro docente.



Décimo quinto. *Certificación de participación ao profesorado*

1. A persoa coordinadora e o profesorado titor dos traballos de investigación recibirán un certificado de innovación educativa ao remate de cada curso escolar, cunha equivalencia de 50 horas de formación permanente do profesorado. No caso de que coincida unha mesma persoa como coordinadora e como titora, a certificación será como coordinadora. O profesorado titor recibirá unha soa certificación por curso escolar, independentemente do número de traballos de investigación que titoricen e por cada traballo de investigación certificarase a unha soa persoa.

2. Será condición necesaria para certificar ao profesorado titor dos traballos de investigación, que o docente imparta a materia de afondamento STEM, segundo o especificado no apartado sexto, punto 3 desta resolución.

3. Esta certificación estará supeditada á avaliación positiva do desenvolvemento do programa realizada pola comisión de selección.

Décimo sexto. *Solicitud e documentación*

1. A persoa directora do centro que desexe implantar o bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía (STEMbach) presentará unha solicitude cumprimentada segundo o modelo do anexo I.

2. Esta solicitude deberá vir acompañada da seguinte documentación:

a) O proxecto do STEMBach que deberá contar cos seguintes apartados:

- I. Proposta educativa e organizativa: descrición de intereses baseados no proxecto educativo do centro, traxectoria previa do centro, motivación, posible orientación dos proxectos de investigación e organización do grupo.
- II. Previsión de alumnado.
- III. Profesorado participante: persoa coordinadora, persoas titoras dos traballos de investigación e profesorado participante.
- IV. Proposta de currículo da materia de afondamento STEM.
- V. Proposta de actividades complementarias.



VI. Marco de colaboracións: previsión de participación de universidades ou entidades de investigación.

VII. Seguimento e avaliación do proxecto.

b) Certificado de aprobación do Claustro de profesores e do Consello Escolar da solicitude de participación.

3. A solicitude e documentación dirixirase á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos na Sede Electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>) a través do formulario correspondente ao procedemento de presentación electrónico normalizado (código PR004A) que se deberá identificar coa denominación "STEMbach", xunto coa documentación (Anexo de solicitude, proxecto e certificado do Claustro e Consello Escolar). Para a presentación de solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de clave Chave365 (<http://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>).

Décimo sétimo. *Prazo de solicitude*

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles, contado desde o día seguinte ao da publicación do anuncio desta resolución no Portal Educativo.

Décimo oitavo. *Comisión de selección e criterios de valoración*

1. A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional realizará a selección dos proxectos, mediante unha comisión de selección que estará formada por:

Presidencia: Persoa titular da Subdirección Xeral de Inclusión e Innovación Educativa, ou persoa en quen delegue.

Vogais:

- Persoa titular da Subdirección Xeral de Inspección e Avaliación do Sistema Educativo, ou persoa en quen delegue.
- Persoa titular do Servizo de Ordenación Educativa.



- Persoa titular da Servizo de Innovación e Programas Educativos.
- Dúas persoas asesoras da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, unha delas realizará as funcións de secretaría.

2. A valoración das solicitudes presentadas realizarase considerando a viabilidade do proxecto. Para iso terase en conta a proposta organizativa, o grao de implicación e compromiso do centro, o cadro de persoal de profesorado dispoñible coa cualificación requirida para desenvolver o programa en toda a etapa e os recursos existentes no centro, a experiencia previa do centro no ámbito STEM, a participación e colaboración de universidades ou entidades de investigación; así como o número de unidades, alumnado e a distribución xeográfica dos centros solicitantes.

3. A inspección educativa emitirá informe motivado, preceptivo e non vinculante para a comisión, favorable ou desfavorable á solicitude considerando as variables sobre viabilidade do proxecto en relación cos obxectivos do mesmo, e polo menos, ao grao de implicación do equipo directivo e de compromiso do profesorado implicado e a proposta organizativa.

Décimo noveno. Resolución

1. Valoradas as solicitudes, a Subdirección Xeral de Inclusión e Innovación Educativa publicará no Portal Educativo (<http://www.edu.xunta.gal>) a proposta de resolución provisional. Abrirase un prazo de tres días hábiles, a partir do día seguinte ao da publicación, para efectuar reclamacións ou renuncias ante a persoa que exerza a presidencia da comisión.

2. Analizadas e resoltas as reclamacións ou renuncias a persoa responsable da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa publicará a resolución definitiva de centros docentes autorizados para implantar o bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía (STEMbach) no Portal Educativo (<http://www.edu.xunta.gal>).

3. O prazo máximo para resolver as solicitudes correspondentes ás accións especificadas nesta orde será de tres meses desde o día seguinte á data de remate do prazo de presentación de solicitudes. Transcorrido este prazo sen que se dite resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.



4. Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vixésimo. Información básica sobre protección de datos de carácter persoal

1. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia - Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento.

2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme á normativa aplicable e as referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

3. As persoas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

4. No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos ou a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Vixesimo primeiro. Desenvolvemento e execución

A Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa ditará, de ser o caso, as disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento e a execución desta resolución.





Vixesimo segundo. -Eficacia

Esta resolución producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no portal educativo da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela,

A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa
Judith Fernández Novoa

